



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE LA FISCALÍA GENERAL DEL ESTADO E A XUNTA DE GALICIA PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN DOS EXPEDIENTES DE MENORES

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril.

A Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano da Administración autonómica que ten atribuídas as competencias en materia de protección e tutela dos menores en situación de risco ou desamparo, así como a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) é unha axencia pública autonómica adscrita á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia que ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. Entre as competencias e funcións desta axencia está a planificación estratéxica, o deseño, o desenvolvemento, a adquisición, o mantemento e a implantación dos sistemas de información de aplicación e o impulso da aplicación das novas tecnoloxías na Administración de Xustiza en Galicia.

É desexo destas unidades, a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúen o Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, e o Decreto 149/2014, do 20 de novembro, polo que se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para la Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Antecedentes: A protección e a tutela dos menores en situación de risco ou desamparo está amparada pola Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, na Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e na Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Por outra banda a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, regula a responsabilidade penal dos menores e neste ámbito, a Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal, establece como misión do Ministerio Fiscal o exercicio, en materia de responsabilidade penal de menores, das funcións que lle encomende a lexislación específica, mencionando expresamente que para o exercicio das súas funcións poderá pedir información dos





feitos que desen lugar a un procedemento, de calquera clase que sexa, cando existan motivos racionais para estimar que o seu coñecemento poida ser competencia dun órgano distinto do que está a actuar, e visitar en calquera momento os centros ou establecementos de detención, penais ou de internamento de calquera clase do seu respectivo territorio, examinar os expedientes dos internos e solicitar canta información estime conveniente.

Finalidade: A finalidade que persigue esta colaboración é que os órganos da administración de Xustiza, tanto as fiscalías como os xulgados de menores, poidan acceder aos centros de protección de menores e aos centros de xustiza penal xuvenil, para que se lles proporcionen, de modo telemático, os informes relativos aos menores participantes na tramitación nun expediente que se estea a tramitar nesa fiscalía ou xulgado de menores, feito que na actualidade se achega por medios tradicionais non telemáticos.

O convenio ten por obxecto articular a colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Política Social e Xuventude, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Fiscalía General del Estado para facilitar o acceso das fiscalías de menores á información existente no sistema de información denominado MENOR, no que se rexistra a actividade co menor nas áreas competenciais de Protección de menores e Xustiza Penal Xuvenil, poñendo dita información a súa disposición a través do nodo de interoperabilidade e plataforma de intermediación *pasaXe!* A información será accesible directamente a través do portal da plataforma ou a través dos servizos que permitan a integración cos sistemas de información da Administración de Xustiza en Galicia

O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

- O Estado ten competencia exclusiva en materia de Administración de Xustiza de acordo co artigo 149 1.5ª da Constitución Española.
- A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, e segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica.
- A Consellería de Política Social e Xuventude, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de protección e tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo de acordo co establecido na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil, na Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, e na Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. Tamén ten entre as súas competencias





a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia é unha axencia pública autonómica adscrita á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia que ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, de acordo co establecido no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 149/2014, do 20 de novembro.
- O Ministerio Fiscal, órgano de relevancia constitucional con personalidade xurídica propia integrado con autonomía funcional no Poder Xudicial, e correspóndelle exercer as funcións que lle encomende a lexislación en materia de responsabilidade penal de menores, segundo o establecido na Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal.
- As administracións públicas poden formalizar convenios de colaboración con outras entidades públicas e mais con persoas xurídicas suxeitas ao Dereito Privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e mais no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Financiamento: O convenio non comporta gasto ningún para as partes asinantes, inseríndose as obrigacións das partes no desenvolvemento ordinario das competencias propias. Cada unha das partes asinantes asumirá o custo das actuacións que deba realizar de conformidade co clausulado do mesmo e consonte ás súas respectivas normas de xestión económica.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 6 dá dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Director Xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

